



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/11	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	12 de marzo de 2018
Duración	Desde as 20:07 ata as 20:40 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁN XELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 1195/2018. Informe da Policía Local para sinalización en rúa Gondomar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o informe de data 06.03.2018 da Policía Local, referente a sinalización necesaria en rúa Gondomar, que é como segue:

"Que por mor das obras que se van a realizar na rúa Baiona proponse que a rúa Gondomar sexa de dobre sentido de circulación, prohibindo o estacionamento en toda a marxe dereita en sentido ascendente en toda a rúa.

A sinalización que se precisa para acometer dita actuación é a seguinte:

- *Sinal de dobre sentido de circulación no cruce da rúa Noria coa rúa Gondomar.*
- *Sinal de ceda o paso en rúa Gondomar con rúa Noria.*
- *Sinal de ceda o paso na Avda. de Marín con rúa Gondomar.*
- *Sinal de prohibido xirar a esquerda na rúa Gondomar con Avda. de Marín.*
- *Sinal de Stop en rúa Gondomar con rúa Ferrol, así como, un sinal de prohibido xirar a dereita.*
- *3 sinais de prohibido estacionar e parar en toda a rúa Gondomar. Unha no cruce rúa Gondomar con rúa Noria, outra con rúa Gondomar coa Avda. de Marín e outra en rúa Gondomar con rúa Ferrol.*
- *Así como, sinalizar horizontalmente toda a rúa Gondomar con liña continua de separación de carrís.*
- *Tamén se propón o reservado do hotel 'Hollywood', na marxe esquerda fronte ao hotel.*

Asemade, na segunda travesía da rúa Baiona porase un sinal de Stop e dirección prohibida na confluencia coa rúa Gondomar".

Expediente 3169/2017. Informe da Policía Local de revisión de concesión de sinalización vertical

Desfavorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Primeiro.- Proceder á anulación do acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 12 de xuño de 2017, no que se aprobou a sinalización dunha zona de exclusión en Camiño

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Vello de San Roque, nº 90-Darbo, solicitado por M. V. V., por tratarse dun camiño de titularidade privada, segundo o indicado no informe emitido en data 02.03.2018 da Policía Local, que di o seguinte:

"Que o expediente nº 3169/2017, correspondente á solicitude de sinalización vertical por parte de M. V. V., este departamento informa que non procede a colocación de dito sinal ao non ser un camiño de titularidade pública. Existe acordo favorable de Xunta de Goberno Local con número de resolución 669/2017 e data 17.07.2017".

Segundo.- Que por parte dos servizos técnicos correspondentes se proceda a anular a sinalización horizontal realizada na zona indicada.

Expediente 7471/2017. A) Proposta de aprobación do plan de ocupación de servizos de tempada en praias (Quioscos 2018).- B) Proposta de aprobación do plan de ocupación de servizos de tempada en zona de dominio público marítimo-terrestre (Terrazas 2018)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A) Proposta de aprobación do plan de ocupación de servizos de tempada en praias (Quioscos 2018)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar coas rectificacións indicadas no texto da proposta da Alcaldía de data 09.03.2018, referente a aprobación do plan de ocupación de servizos de tempada en praias que é como segue:

"PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Con rexistro de entrada do 23 de novembro de 2017, recibíuse oficio do xefe do Servizo de Costas de Pontevedra expresando os criterios de actuación para a elaboración e explotación dos plans de ocupación con servizos de temporada nas praias durante a temporada estival do ano 2018. Así mesmo, a Xefatura Provincial de Costas, insta aos concellos, como en anos anteriores, a constituírse en xestores do programa de autorización de explotacións.

O anuncio remitido polo Servizo Provincial de Costas, no cal se instaba a todos os interesados a presentar solicitudes de autorización para a explotación de servizos de temporada nas praias do noso municipio, foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

Con base nas concesións autorizadas polo Servizo Provincial de Costas no ano pasado e xunto coas solicitudes e propostas dos interesados, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- Procédase á aprobación do plan de ocupación que se achega coa presente proposta e, en virtude deste, solicítese do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, as preceptivas autorizacións para a instalación dos servizos relatados.

PLAN DE OCUPACIÓN SERVIZOS DE TEMPADA PRAIAS DE CANGAS-2018

En data 23 de novembro de 2018, achegouse escrito do Servizo Provincial de Costas de



Pontevedra remitindo a circular comprensiva dos criterios a ter en conta na elaboración e explotación de servizos de temporada nas praias do Concello.

Unha vez examinada a mencionada circular, os pedimentos previos realizados polos interesados e as necesidades en canto a servizos que se presentan cada tempada nas diferentes praias, considerase preciso cubrir os servizos de tempada, no período comprendido entre os días 15 de maio e 30 de setembro, nas praias que a continuación se indican:

1. Praia de Rodeira:

- (1) Un quiosco de 6,00 m²., e superficie para 4,00 m²., de terraza.*
- (1) Un quiosco de 13,00 m²., e superficie para 49,00 m²., de terraza.*

2. Praia de Areamilla:

- (1) Un quiosco de 12,00 m²., e superficie para terraza de 22,50 m².*
- (1) Un quiosco de 18,00 m²., e superficie para terraza de 10,00 m².*

3. Praia de Santa Marta:

- (1) Un quiosco de 6,00 m²., e superficie para terraza de 14,00 m².*

4. Praia de Nerga:

- (1) Un quiosco de 20,00 m²., e superficie para terraza de 50,00 m².*

5. Praia de Melide:

- (1) Un quiosco de 20,00 m²., e superficie para terraza de 30,00 m².*

6. Praia de Vilariño:

- (1) Un quiosco de 13,00 m²., e superficie para terraza de 15,00 m².*
- (1) Un quiosco de 12,00 m²., e superficie para terraza de 10,00 m².*
- (1) Un quiosco de 8,00 m²., e superficie para terraza de 10,00 m².*
- (1) Un quiosco de 7,00 m²., e superficie para terraza de 23,00 m².*

7. Praia de Menguíña:

- (1) Un quiosco de 8,00 m²., e superficie para terraza de 30,00 m².*

8. Praia de Limens:

- (1) Un quiosco de 20,00 m²., e superficie para terraza de 40,00 m².*

9. Praia da Congorza:

- (1) Un quiosco de 8,00 m²., e superficie para terraza de 12,00 m².*

10. Praia de Vilariño: (esta ocupación queda sobre a mesa pendente de mellor estudo)

- (1) Unha superficie para Escola de Kayak e seawalk paddle de 21,00 m².*

11. Praia de Francón: (rectifícase a superficie de ocupación da terraza, quedando aprobada en 15,00 m².)

- (1) Un quiosco de 8,00 m²., e superficie para terraza de 23,00 m².*

12. Praia de Areabrava:

- (1) Un quiosco de 8,00 m².*

13. Praia de Viñó: (esta ocupación queda sobre a mesa pendente de mellor estudo)



(1) *Unha superficie para terraza de 40,00 m2.*

A situación dos servizos solicitados nas praias indicadas é a que se sinala nos deseños adxuntos.

B) Proposta de aprobación do plan de ocupación de servizos de tempada en zona de dominio público marítimo-terrestre (Terrazas 2018)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 09.03.2018, referente a aprobación do plan de ocupación de servizos de tempada en dominio público marítimo-terrestre (terrazas 2018), que é como segue:

"PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Con rexistro de entrada do 23 de novembro de 2017, recibíuse oficio da xefe do Servizo de Costas de Pontevedra expresando os criterios de actuación para a elaboración e explotación dos plans de ocupación con servizos de temporada nas praias durante a temporada estival do ano 2018. Así mesmo, a Xefatura Provincial de Costas, insta aos concellos, como en anos anteriores, a constituírse en xestores do programa de autorización de explotacións.

O anuncio remitido polo Servizo Provincial de Costas, no cal se instaba a todos os interesados a presentar solicitudes de autorización para a explotación de servizos de temporada nas praias do noso municipio, foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

Con base nas concesións autorizadas polo Servizo Provincial de Costas no ano pasado e xunto coas solicitudes e propostas dos interesados, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- Procédase á aprobación das autorizacións para ocupación temporal do dominio público-marítimo terrestre (TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS), que se achega coa presente proposta e, en virtude deste, solicítese do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, as preceptivas autorizacións para a instalación dos servizos relatados.

**PLAN DE OCUPACIÓN CON SERVIZOS DE TEMPORADA
NA ZONA DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE DO CONCELLO DE
CANGAS (TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS-2018)**

Na data 23 de novembro de 2017 achegouse escrito do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra remitindo a circular comprensiva dos criterios a ter en conta na elaboración e explotación de servizos de temporada do Concello de Cangas.

Unha vez examinada a mencionada circular, os pedimentos previos realizados polos interesados e as necesidades en canto a servizos que se presentan cada temporada, se considera preciso cubrir os servizos de temporada, ligados a establecementos hostaleiros, nas localizacións que a continuación se indican:

1) Paseo de Rodeira:

1) Unha terraza de 50,00 m2., vinculada ao establecemento denominado "El Bribón



de la Habana”, do 1 de marzo de 2018 ao 28 de febreiro de 2019.

M. L. F., R/Costa do Latón, nº 292, Moaña (36955).

- 2) *Unha terraza de 45,00 m2., vinculada ao establecemento denominado “El Horm&guero Morrazo”, do 1 de marzo de 2018 ao 28 de febreiro de 2019.*

*El Horm&guero Morrazo slu, Praza das Pontes, nº 1, baixo-Cangas.
(A. G. J.,).*

- 3) *Unha terraza de 50,00 m2., vinculada ao establecemento denominado “As de Tapas”, do 1 de marzo de 2018 ao 28 de febreiro de 2019.*

M. M. M. A., , Paseo Marítimo Rodeira, nº 6-Cangas.

- 4) *Unha terraza de 50,00 m2., vinculada ao establecemento denominado “Mesón El Pilar”, do 1 de marzo de 2018 ao 28 de febreiro de 2019.*

M. P. H. P., Rúa Félix Ozámiz, nº 8-Cangas.

- 5) *Unha terraza de 24,00 m2., vinculada ao establecemento denominado “El Chalet de Rodeira” do 1 de xullo ao 31 de agosto de 2018.*

F. M. P. G., Praia de Rodeira, nº 29-Cangas.

2) Praza das Pontes:

- 6) *Unha terraza de 40,00 m2., vinculada ao establecemento denominado “La Fiorentina”, do 1 de marzo de 2018 ao 31 de outubro de 2018.*

*Helados a Florentina SL, Avda. Bueu, nº 26-4ºD-Cangas.
(G. F. P.,).*

3) Nerga:

- 7) *Unha terraza de 20,00 m2., vinculada ao establecemento denominado “El Gran Sol”, do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2018.*

R. G. L., Rúa Barreiriño, nº 6-Menduña-Aldán.

4) Aldán:

- 8) *Unha terraza de 40,00 m2., vinculada ao establecemento denominado “O Con de Aldán”, do 1 de marzo de 2018 ao 28 de febreiro de 2019.*

*A Casa de Aldán SL, B36464808, Avda. José Graña, nº 20, Aldán-Cangas.
(M. L. B. V.,).*

- 9) *Unha terraza de 20,00 m2., vinculada ao establecemento denominado “Bar Peralta”, do 1 de marzo de 2018 ao 28 de febreiro de 2019.*



Concello de Cangas

M. C. S. B., Avda. José Graña, nº 5-Aldán-Cangas.

10) Unha terraza de 30,00 m2., vinculada ao establecemento denominado “Bar Valladares”, do 1 de marzo de 2018 ao 28 de febreiro de 2019.

M. A. P. V., San Cibrán, nº 14-Aldán-Cangas.

11) Unha terraza de 20,00 m2., vinculada ao establecemento denominado “Casa Encarna”, do 1 de marzo de 2018 ao 28 de febreiro de 2019.

E. P. T., Rúa Lontreira, nº 1-Aldán-Cangas.

A situación de cada unha das ocupacións solicitadas é a que se sinala nos deseños adxuntos.

As solicitudes son para 4 anos, con liquidación anual, agás o local “As de Tapas” anual”.

Expediente 878/2018. Informe de inspección da xestión de ingresos tributarios referente a ocupación de vía pública con atraccións na esplanada dos Xardíns do Señal e postos da Avda. de Eugenio Sequeiros en Semana Santa-2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentim
ento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta-informe do departamento de Xestión de ingresos, referente á ocupación da vía pública nos Xardíns do Señal e na Avda. de Eugenio Sequeiros, con atraccións e postos desde o 23 de marzo ao 1 de abril de 2018, que é como segue:

"Departamento de Xestión de ingresos tributarios-informe da inspección

Asunto: ocupación de vía pública con atraccións na esplanada dos Xardíns do Señal e postos na zona da Avda. de Eugenio Sequeiros.

Despois de comprobar por parte da concellería de desenvolvemento económico e emprego local a existencia de espazo para a dita ocupación, con relación ás solicitudes de instalacións de atraccións nos Xardíns do Señal e postos de rosquillas na Avda. de Eugenio Sequeiros é a seguinte:

Xardíns do Señal:

1.- B. C. F., con enderezo en rúa Juan Florez, nº 9-2º (15004) A Coruña, instalación de coches de choque de 78,00 m2., e un hinchable de 30,00 m2.

2.- L. S. A., con enderezo no Lugar da Relva, nº 40B-Torneiros (36410) Porriño-Pontevedra, instalación de un carrusel (cadenas) de 25,00 m2., e unha máquina de 6,00 m2.

3.- M. A. D. T., con enderezo no Lugar de Valbón-Agudelo, nº 16B (36190) Barro-Pontevedra, instalación de camas elásticas de 32,00 m2., e unha yumpi de 35,00 m2.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

4.- E. V. L. con enderezo en rúa Puente, nº 22-3ºB (36002) Pontevedra, instalación de un carrusel de cabalos de 78,00 m2.

5.- J. M. B. L., con enderezo no Lugar de Valbón-Agudelo, nº 16B (36190) Barro-Pontevedra, instalación de un posto de garrapiñadas de 6,00 m2.

Avda. de Eugenio Sequeiros (fronte á praza de abastos):

1.- M. A. M. M., co con enderezo na 3ª travesía rúa Numancia, nº 92-escaleira 2-2º (36206) Vigo-Pontevedra, instalación de un posto de rosquillas de 6,00 m2.

2.- M. M. D., con enderezo e rúa Devesa, nº 5-Matamá (36213) Vigo-Pontevedra, instalación de un posto de rosquiñas de 6,00 m2.

PROPOSTA: ocupación de vía pública nos Xardíns do Señal e na Avda. de Eugenio Sequeiros coas atraccións e postos indicados desde o 23 de marzo ata o 1 de abril de 2018".

Expediente 7344/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7344/2017.- Outorgar a S. P. D. e A. F. B., con enderezo a efectos de notificacións en Urgal, nº 78B-Baiona, conceder, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra, para en solo regulado pola ordenanza 9, construír unha vivenda unifamiliar de 145,15 m2., de planta baixa, sita na Retirosa, de conformidade co proxecto básico e de execución elaborado pola arquitecta L. R. S. visado o 16.10.2017. A licenza outorgarase condicionada a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación. O presupuesto de execución material ascende a cento once mil setecentos vinte euros (111.720,00 €).

Expediente 6596/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6.596/17.- Outorgar a R. R. R. e J. P. C., con enderezo en rúa Ramón Cabanillas, nº 214-3ªA-Moaña, licenza de obras para no lugar de Miranda-Coiro, regulado pola ordenanza 12, solo non urbanizable de tolerancia (SNUA), construír unha vivenda unifamiliar de 75,40 m2., de soto; 87,50 m2., de planta baixa; 102,15 m2., de primeiro andar e un muro de contención de 31,00 ml., de conformidade co proxecto técnico básico elaborado polos arquitectos UN+UN arquitectos CB, de data outubro de 2017. A licenza outorgarase condicionada a que antes do comezo das obras deberá presentar proxecto de execución visado, oficios de dirección e coordinador de seguridade e saúde e deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cento sesenta e nove mil cincocentos setenta e un euros con

Concello de Cangas



Concello de Cangas

noventa e catro céntimos (169.571,94 €).

Acéptaselle a cesión gratuita de terreo de 47,32 m2., para regularización do vieiro efectuada en escritura pública con data 22 de novembro de 2017, e a fianza depositada para garantir as obras de urbanización por importe de mil douscentos trinta e oito euros con oitenta e catro céntimos (1.238,84 €) na entidade BBVA de data 18 de decembro de 2017.

Expediente 166/2018. Licenza urbanística (corrección de erros)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Detectado un erro na redación do acordo adoptado na Xunta de Goberno Local realizada en data 12.02.2018, relativo ao expediente nº 166/2018, no que se concede licenza para reparación de cuberta de vivenda unifamiliar en Seixo-Darbo, nº 41, na redación deste, faise mención a: "...*Condicionada a que antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución de obras visado e oficio co nomeamento do director de obras e de execución destas*".

Ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas, RESOLVO rectificar o dito acordo quedando da seguinte maneira:

EXPEDIENTE Nº 166/2018.- A I. M. M., con enderezo a efectos de notificacións en Seixo-Darbo, conceder, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para reparación de cuberta de vivenda unifamiliar en Seixo-Darbo, nº 41, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecta C. A. N. de data febreiro de 2018 e coas condicións impostas na autorización da AXI de data 19.10.2017. Condicionada a formalizarar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material ascende a vinte mil euros (20.000,00 €).

Expediente 1044/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1044/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. C. I., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Cega, nº 5-Cangas, para reforma interior de vivenda sita en rúa Cega, nº 5-Cangas, de conformidade co proxecto redactado polos arquitectos R. O. S. e J. A. F. M. de data febreiro de 2018. As obras solicitadas deberán cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI, farase un seguimento desta polos técnicos da oficina municipal. O presuposto de execución material ascende a vinte e un mil quince euros con sete céntimos (21.015,07 €).

Expediente 989/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 989/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por D. C. M., con enderezo a efectos de notificacións en Estrada de Bueu, nº 59-porta 1-Aldán-Cangas, para pintado de fachada de edificación sita en Estrada de Bueu, nº 59-Aldán-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico R. S. C. de data xaneiro de 2018. O presuposto de execución material ascende a mil douscentos dezasete euros con sesenta céntimos (1.217,60 €).	

Expediente 931/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 931/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. A. R. F., para conservación de vivenda nunha superficie de 165,17 m2., sita no lugar de rúa Gondarán, nº 26-Coiro, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico C. B. P., de data xaneiro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a dezaioito mil oitocentos cincuenta euros con un céntimo (18.850,01 €).	

Expediente 2347/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 2.347/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. M. P. M., para conservación e reparación da construción existente no lugar de rúa do Porto, nº 1-Darbo, nunha superficie de 89,47 m2., de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico H. G. G., visado o 3 de xuño de 2016, e condicións impostas por Patrimonio de data 5 de abril de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a seis mil setecentos vinte euros (6.720 €).	

Expediente 1110/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 1110/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por N. L. B., con enderezo a efectos de notificacións en Baixada á praia de Nerga, nº 26-O Hío, para acondicionamento de beirarrúa interior (solado terrazo de gres) en parcela sita no referido lugar, de conformidade coa documentación presentada en data 28 de febreiro de 2018 e visto o informe favorable da Deputación de Pontevedra de data 29.01.2018. O presuposto de execución material ascende a mil cincocentos cinco euros (1.505,00 €).	

Expediente 2468/2017. Comunicación previa para inicio de actividade
--

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE N° 2468/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por N. Z. B. G., con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Fomento, n° 1-3°-Cangas, para inicio de actividade de centro de relaxación e ioga no local sito na Rúa Fomento, n° 1-3°, vista a acta de inspección favorable da arquitecta de data 9 de marzo de dous mil dezaoitto.	

Expediente 643/2018. Comunicación previa de apertura de actividade inocua	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE N° 643/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por F. B. G. B., con enderezo a efectos de notificacións en Barrio do Outeiro, n° 28, para inicio de actividade de estudo profesional/despacho de fotografía en Praza do Arco, n° 6-Cangas, vista a acta de inspección favorable asinada pola arquitecta da área de rehabilitación o 9 de marzo de 2018.	

Expediente 5902/2017.- Proposta para reposición da legalidade urbanística (Expte. n° 32/2016)	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de data 02.03.2018 da Alcaldía, referente a incoación de expediente sancionador, que é como segue: <i>"Resultando que no lugar de Outeiro-Coiro, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar un cerramento mediante postes de bloques prefabricados de formigón arrimado ao cauce do río Presas.</i> <i>Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, M. C. G., promotor.</i> <i>Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/16, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve, segundo o sinala o artigo 158.4 da mesma norma.</i> <i>Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.</i>	



Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a M. C. G. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar un cerramento mediante postes de bloques prefabricados de formigón arrimado ao cauce do río Presas, sen licenza para iso.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instructor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instructor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

Expediente 5900/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento



Concello de Cangas

Primeiro.- Recoñecer a devolución das seguintes fianzas depositadas pola empresa "Sociedad Española de Montajes Industriales SA" (SEMISA), pola licenza de obras nº 24.600, por importe de trescentos euros (300,00 €) en data de 22 de xaneiro de 2016.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa interesada.

Expediente 668/2018. Devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de dous mil noventa e catro euros (2.094,00 €), depositado por A. M. L., no expediente de licenza de obra nº 17.566.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 1080/2018. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza por importe de mil noventa e catro euros con oitenta e oito céntimos (1.094,88 €), ingresada por J. J. P. P., no expediente nº 23.338, licenza de obra nº 22.471.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 1229/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a P.M.F.M., co expediente nº 36008/02/001947, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de libre concorrencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.
- Atencións de carácter psicosocial e educativo.

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Custo do servizo: douscentos cincuenta e seis euros con oito céntimos (256,08 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica) cero euros (0,00 €).

Número de horas: 20 horas.

Data prevista de alta no SAF: marzo de 2018".

Expediente 1204/2018. Concesión de axudas de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de data 06.03.2018 do xefe do servizo do Centro municipal de benestar social, pora concesión de axuda por emerxencia social, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

D. E. G. G., xefe de servizo do Centro municipal de benestar social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra)

Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de setecentos euros (700,00 €) a P.M.F.M."*

Expediente 617/2018. Dación conta da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade de validación de medidas municipais de conciliación (Programa Enredos)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da seguinte Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade de validación de medidas municipais de conciliación, Programa Enredos.

Dar conta da seguinte Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade de data de 27.02/2018:

"Asunto: Resolución de validación de medidas municipais de conciliación: "PROGRAMA ENREDOS" CONCELLO DE CANGAS (P3600800A) SI910A 2018/2

Vista a solicitude presentada polo Concello de Cangas para a validación da medida municipal de conciliación 'Programa Enredos' como medida municipal de promoción autonómica, aprécianse os seguintes:

FEITOS

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Primeiro.- Con data 07.02.2018 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia (entrada nº 2018/322012), solicitude do concello de validación da medida 'Programa enredos', como medida municipal de promoción autonómica.

Segundo.- A entidade local solicitante está a desenvolver dentro do seu ámbito territorial a medida 'Programa Enredos', que consiste na organización e desenvolvemento de actividades e accións formativo-educativas, lúdico, pedagóxicas e deportivas que garantan a conciliación familiar, social e laboral para menores de 12 anos durante os períodos non lectivos dos escolares.

Terceiro.- A solicitude de validación foi presentada conforme ao modelo establecido e vén achegada da documentación explicativa da medida, así como, da que xustifica o cumprimento dos requisitos requiridos pola normativa vixente.

Aos anteriores feitos sonlle de aplicación os seguintes:

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O artigo 3º do Decreto 182/2008, de 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento, establece que se entenderá por medida municipal de conciliación aquela proposta de actuación elaborada polos concellos cuxos obxectivos respondan ao fin de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes por medio de facilitar a unhas e outros a conciliación dos seus tempos persoais, familiares e laborais.

Segundo.- Os artigos 8º e 9º do dito decreto recollen os requisitos formais que deben cumprir as solicitudes de validación das medidas municipais de conciliación. Así mesmo, nos artigos 14º e 15º desta norma establécense os requisitos materiais das ditas medidas para seren obxecto de promoción autonómica.

Terceiro.- O artigo 7º.4) do Decreto 182/2008, establece que a concesión de validación como medida municipal de conciliación de promoción autonómica por parte do órgano competente implicará a anotación de oficio no correspondente catálogo creado para os exclusivos efectos do disposto no Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Da documentación que figura no expediente de referencia despréndese que a medida municipal de conciliación presentada polo Concello de Cangas, cumpre as esixencias citadas.

En consecuencia, de acordo co artigo 95.1 disposto no Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade



Autónoma de Galicia en materia de igualdade,

RESOLVO:

Primeiro.- Validar 'Programa Enredos' que está a desenvolver o Concello de Cangas como medida municipal de conciliación de promoción autonómica.

Segundo.- Proceder a súa anotación no catálogo público de medidas municipais de conciliación de promoción autonómica.

Terceiro.- Informar á entidade local interesada de que a obtención da validación permítelle participar nas convocatorias de axudas e subvencións que a administración autonómica establecera para o efecto, sempre que se cumpran os requisitos, condicións e obrigas previstas nas bases reguladoras das ditas convocatorias, normativa xeral aplicable en materia de subvencións e, de selo caso, na normativa reguladora dos fondos europeos de aplicación.

Así mesmo, a validación da medida poderá extinguirse a solicitude da entidade titular ou por perda das condicións e requisitos esixidos, tendo o concello as seguintes obrigas a este respecto:

- Remitir á Secretaría Xeral da Igualdade unha memoria anual de actuacións na que se reflictan as accións desenvolvidas, o número de persoas usuarias ou participantes e cantos outros datos relacionados coa actuación se consideren oportunos.

- Poñer a disposición da Secretaría Xeral da Igualdade, en calquera período do ano, os datos referidos á medida que lle sexan solicitados.

- Facilitar a realización de visitas ás actividades desenvolvidas por parte do persoal da Secretaría Xeral da Igualdade, logo de solicitude formulada por escrito por este departamento.

A presente resolución esgota a vía administrativa e contra ela pode interperse recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución. Potestativamente e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interperse recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución. Neste caso non poderá interperse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou por desestimación presunta o recurso de reposición”.

Expediente 7454/2017.- Requirimento de documentación previo á adxudicación do contrato (“Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedores escolares cursos 2017/2018 e 2018/2019”)



Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asenti-
mento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía do día 08.03.2018 para requirimento de documentación previo á adxudicación do contrato administrativo do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedores escolares para os cursos 2017/18 e 2018/19, que é como segue:

"Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato administrativo do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedores escolares para os cursos 2017/18 e 2018/19.

Visto que a mesa de contratación, como órgano competente para a valoración das ofertas, na súa reunión do día 01.03.2018 propuxo á Xunta de Goberno Local a adxudicación do contrato administrativo de servizos arriba indicado á empresa 'ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL', con CIF nº B-27831783, por ter presentado a oferta economicamente mais vantaxosa, obtendo a seguinte puntuación:

	Empresa	Puntuación Sobre B	Puntuación Sobre C	Puntuación Total
Iº	Alimentación Saludable Gallega SL	37	48	85 puntos

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Requirir a 'ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL', como empresa que presentou a oferta economicamente mais vantaxosa, para que no prazo de 10 días hábiles achegue a seguinte documentación:

- Ø Certificado de inscrición no Rexistro oficial de licitadores i empresas clasificadas do estado ou no Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº 4957), achegando a dita certificación unha declaración responsable na que manifieste que as circunstancias contidas nesta non variaron e unha fotocopia compulsada do DNI da persoa que presenta a oferta.*
- Ø Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatais e autonómicas) e coa Seguridade Social.*
- Ø Xustificante de ter pagado os gastos do anuncio de licitación [cento vinte e sete euros con dez céntimos (127,10 €)], que poderá facer efectivo na conta nº ES85 2080 5022 1531 1000 8929.*
- Ø Xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe de nove mil trescentos sete euros con corenta e catro céntimos (9.307,44 €), equivalente ao 5% do importe de adxudicación, IVE excluído (a garantía poderá constituíla por calquera dos medios aos que se refire o artigo 96-TRLCSP). Unha vez constituída a garantía, deberá depositala na tesourería municipal e entregar no rexistro xeral do Concello o xustificante do depósito desta xunto con resto dos documentos citados anteriormente.*



Segundo.- Dar traslado deste acordo ao departamento municipal de Apoio Xurídico".

Expediente 7154/2017. A) Proposta de prórroga de licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2018.- B) Proposta de transmisión de autorización de posto de venda ambulante nº 74

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

A) Proposta de prórroga de licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2018

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 09.03.2018 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a prórroga das licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2018, que é como segue:

"PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2018

I.-O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) no seu capítulo IV, prevé que as autorizacións se outorgan por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2017, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2018 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo para tal efecto.

II.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 18.2 do Regulamento que dispón que se concederán 'previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos'.

III.- Comprobada a documentación presentada polos interesados dentro do prazo outorgado para a renovación de licenzas, despois de subsanar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir cos requisitos esixidos, procede adoptar o presente acordo polo que se outorga a renovación para o presente ano 2018 das licenzas municipais de venda ambulante das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.

IV.- Do mesmo xeito procede tralo remate do proceso indicado declarar revogadas as licenzas de venda ambulante daqueles titulares que non presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.

Á vista do anteriormente exposto, propoño á Xunta de Goberno Local o seguinte:

Primeiro.- Renovar as licenzas municipais de venda ambulante para o ano natural 2018, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08/04/2013) a:

-Ref: 65. D. E. J.



- Ref: 77. I. N. M.
- Ref: 81. A. F. D.
- Ref: 101. P. T. L.
- Ref: 114. M. V. A.
- Ref: 116. R. T. F.
- Ref: 138. S. E. J.
- Ref: 146. S. E. D.
- Ref: 161. F. C. G.

CAMBIOS TITULARIDADE

- Ref: 87. B. F. - Mamadou Sar

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Tesourería, Estatística e Concellería de desenvolvemento económico e emprego local".

B) Proposta de transmisión de autorización de posto de venda ambulante nº 74

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 09.03.2018 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a transmisión de autorización de posto nº 74 de venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 74

ANTECEDENTES

Por escrito de data de rexistro de entrada 09.02.2018, M. T. S. T., con enderezo en rúa Subida a Estación, nº 7-Redondela- Pontevedra, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de E. E. J., domiciliado en Polígono Torneiros, nº 13, 4º esquerda, quen manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.

Á solicitude anterior achégase a documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de Comercio Interior de Galicia establece no seu artigo 76, que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25.04.2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.



III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor da adquirente, E. E. J.

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local con base ao disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

Primeiro.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 74 do mercado dos martes e venres do que era titular, M. T. S. T. a favor de E. E. J., adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como, á concellería de desenvolvemento económico e emprego local, Estatística, e Tesourería".

Expediente 897/2018. Solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para a promoción e desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega-2018.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

Publicadas no BOPPO de data do 19.02.2018 as bases de subvencións para a dinamización lingüística dirixidas aos concellos e outras entidades locais da Provincia de Pontevedra para o ano 2018 e cumprindo cos requisitos que nestas se estipulan, redáctanse polos servizos técnicos municipais diferentes programas de dinamización da lingua galega no Concello de Cangas, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra unha axuda para a promoción e desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega polo importe de sete mil novecentos cincuenta euros (7.950,00 €), con IVE, para desenvolver os seguintes programas cun orzamento total de dez mil seiscientos euros (10.600,00 €) con IVE:

a) Xornadas de historia local: "Xohan de Cangas e o seu tempo"

Orzamento total : 4.000,00 € con IVE. 3.305,79 € sen IVE

Contía solicitada: 3.000,00 € con IVE. 2.479,34 € sen IVE

b) Festa da Cultura

Orzamento total 2.400,00 € con IVE. 1.983,47 € sen IVE.

Contía solicitada 1.800,00 € con IVE. 1.487,60 € sen IVE

c) Campaña de información dirixida á mocidade sobre recursos e actividades culturais do Concello de Cangas

Orzamento total. 2.400,00 € con IVE. 1.983,47 € sen IVE

Contía solicitada 1.800,00 € con IVE. 1.487,60 € sen IVE



Concello de Cangas

d.-Proxecto educativo “Correlíngua”

Orzamento total 1.800,00 € con IVE. 1.636,36 € sen IVE

Contía solicitada: 1.350,00 € con IVE. 1.227,27€ sen IVE.

Segundo.- Declarar que para a execución do proxecto que se solicita, non se solicitou nin lle foi concedida ningunha axuda de entidade pública ou privada.

Terceiro.- Declarar de estar ao corrente das obrigas de tributación coa Axencia Estatal Tributaria, a Seguridade Social, Facenda da Comunidade Autónoma e a Deputación.

Expediente 1196/2018. Proposta da Alcaldía relativa a comunicación de xubilación de empregado municipal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da seguinte proposta da Alcaldía, referente a comunicación de xubilación ordinaria de empregado municipal, que é como segue:

"Visto o escrito con rexistro de entrada nº 2474, de data do 6 de novembro de 2018, presentada polo empregado municipal A. H. D., no que expón que o día 31 de marzo de 2018 cumpre os requisitos para acceder á xubilación, de acordo coa lexislación vixente e solicita a tramitación da documentación necesaria para proceder a xubilación ordinaria (por ter mais de 36 anos e 6 meses cotizados).

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Tomar coñecemento da xubilación do empregado municipal, A. H. D.

Segundo.- Que polo departamento de persoal se proceda a tramitar a baixa laboral por xubilación".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850